



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

ANÁLISE DAS PRINCIPAIS DÚBIDAS XURÍDICAS DAS ESCRITORAS E ESCRITORES EN 2021

Ania González Castiñeira



Libro branco da
Asociación de Escritoras e Escritores
en Lingua Galega

INDICE

Fiscalidade.....	5
Contrato de edición.....	7
Premios literarios	9
Outras cuestións	11
Conclusiones	11

**ANÁLISE DAS PRINCIPAIS DÚBIDAS
XURÍDICAS
DAS
ESCRITORAS E ESCRITORES EN 2021**

As consultas recibidas por este despacho en virtude do acordo de colaboración de servizos xurídicos de primeira consulta en materia de propiedade intelectual asinado coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), durante o ano 2021, realizadas polas súas socias foron un total de vinte. En canto ás temáticas destacan en primeiro lugar as cuestións fiscais relacionadas coa edición de libros, cun total de oito consultas seguidas das relacionadas co contrato de edición, cun total de sete. Recibíronse ademais tres consultas relacionadas con premios literarios, unha consulta referente á actividades de roteiros literarios e outra sobre libros en soporte dixital. Tendo en conta o anterior, estrutúrase o seguinte informe en bloques temáticos que atenden ás principais problemáticas sinaladas polas escritoras e escritores socias da AELG así como ás posibles vías para darlles solución.

Fiscalidade

A fiscalidade da actividade profesional das escritoras e escritores é a principal fonte de dúbidas das socias e socios, xa sexa considerada como a realización dun traballo ou dunha actividade económica. A este respecto, cómpre dicir que existe un informe elaborado por este despacho sobre a temática, que forma parte do Libro Branco de Escritoras-es en Lingua Galega: *“Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa Administración Pública”* que se pode consultar e descargar na páxina web da AELG¹.

A cuestión que fundamenta a maioría das dúbidas é a relativa á clasificación, desde o punto de vista fiscal, dos ingresos percibidos polas escritoras e escritores en concepto de dereitos de autoría, xa sexa como anticipo no marco da sinatura dun contrato editorial ou como liquidación periódica en virtude das porcentaxes de participación pactadas con terceiros pola distribución das súas obras. Como xa explicamos no noso informe anteriormente citado, o criterio fundamental para distinguir se os rendementos obtidos deben entenderse como rendementos do traballo ou polo contrario como rendementos de actividade económica, o que implicará diferentes obrigas tributarias no primeiro caso en relación ao Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) e no segundo en relación ao Imposto do Valor Engadido (IVE), será se os dereitos de autoría de natureza patrimonial ou de explotación están ou non cedidos a terceiros (por exemplo axentes literarias ou editoras). No caso de estar cedidos os ingresos percibidos serán considerados rendementos de traballo. Así o indica o artigo 17.2 d) da Lei 35/2006 do IRPF: *“En todo caso, terán a consideración de rendementos do traballo: d) Os rendementos derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito a súa explotación.”*

No caso de percibir ingresos derivados da creación de obras literarias que non teñan prevista nin por acordo privado nin por presunción legal a cesión de dereitos de explotación de dereitos de autor, os rendementos obtidos considéranse rendementos de actividade económica e terán un tratamento similar aos ingresos obtidos por calquera outro profesional ou empresario no desenvolvemento da súa actividade.

¹ https://www.aelg.gal/resources/upload/2020_Informes_xuridicos_definitivos_Ania_Gonzalez_Castinheira.pdf

Aínda así, é necesario ter en conta a excepción prevista no mesmo artigo da Lei do IRPF antes citado, no que se contempla o caso de que ditos rendementos fosen obtidos, pese a ter cedidos os dereitos de autoría a terceiras, no exercicio dunha actividade económica, ben por ter a escritora ou escritor a clasificación profesional de editora ou ter realizado o seu traballo como unha prestación de servizos obxecto dun encargo. A este respecto recibíuse consulta sobre a actividade de autoedición. Neste caso, ao ter a categoría profesional de editor, o autor, que debería tramitar a súa alta no censo do Imposto de Actividades Económicas (IAE), non tería cedidos os seus dereitos a un terceiro distinto de si mesmo, polo que os ingresos percibidos consideraríanse, aos efectos da súa liquidación tributaria, como rendementos de actividade económica. Isto suporá, ademais da obriga da alta censal antes mencionada, a de tramitar a súa alta no Réxime Especial de Traballadoras Autónomas (RETA) ante a Seguridade Social, sempre e cando concorra o requisito de que dita actividade se realice con habitualidade, concepto que lembramos debe ser entendido segundo a súa interpretación técnica, é dicir, ao abeiro das interpretacións da Dirección Xeral de Tributos e a xurisprudencia e doutrina xurídica, non unicamente segundo o seu significado literal.

Polo que respecta aos rendementos obtidos pola realización de charlas, conferencias, seminarios e coloquios, de acordo co establecido no artigo 17.2 c) la Lei do IRPF, este tipo de ingresos son considerados rendementos de traballo sempre e cando a persoa que obtén ditos beneficios non sexa a responsable da organización de medios humanos e materiais en tanto que medios de produción para a realización dunha actividade económica, é dicir que sexa por exemplo titular dunha academia ou preste servizos aos que achega os seus propios empregados ou recursos. Unha das consultas recibidas está relacionada coa participación dunha persoa socia da AELG nunha actividade, entendemos que un coloquio ou seminario, que será remunerada, que presenta a dúbida de se debe ou non debe emitir unha factura para a súa liquidación.

Ademais de confirmar que a retribución obtida será un rendimento de traballo, sempre e cando dar conferencias non sexa a súa actividade principal para a que dispoña de medios de produción de titularidade propia, na consulta aclárase o feito de que pola condición dos ingresos non é necesaria a emisión dunha factura, como si o sería no caso de estar ante a realización dunha actividade económica que supoña a entrega de bens ou neste caso a prestación de servizos por parte dunha persoa coa cualidade de empresaria; será suficiente a expedición dun recibo polos honorarios pactados, cantidade que será a base imponible á que se lle aplicará unicamente a dedución do IRPF (15%) en concepto de retención.

En torno a estas cuestións preséntanse tamén algunhas consultas relativas á categorización dos ingresos percibidos polas autoras e autores a través de plataformas dixitais de venda de libros físicos e/ou dixitais. En relación ao anterior, resulta indispensable coñecer se os beneficios se obteñen pola venda directa dos exemplares ou pola liquidación de dereitos de autoría (dereitos de explotación da obra) cedidos a este tipo de plataformas coa finalidade de posta a disposición das obras en formato dixital sen necesidade de que exista venda de exemplares. A este suposto aplicaríanselle os mesmos criterios xa recollidos nos parágrafos anteriores.

Contrato de edición

Esta materia, ao igual que a anterior, é fonte maioritaria de consultas. A relación das escritoras e escritores en lingua galega coas editoras, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, na súa maioría serán sociedades mercantís, padece, á vista das consultas recibidas, dunha grave falta de transparencia, legalidade e claridade en máis ocasións das desexables, o que produce non poucos conflitos e infraccións de dereitos das autoras e autores así como unha flagrante desprotección da actividade empresarial da edición.

A lexislación vixente en materia de propiedade intelectual, en concreto o RDL 1/1996 de 12 de abril polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual regularizando, aclarando e armonizando as disposicións vixentes sobre a materia (LPI), recolle de forma clara e inequívoca a obrigatoriedade de asinar un contrato de edición para que a cesión de dereitos necesaria para a publicación dunha obra literaria sexa xa non só lexítima, senón legal. Lembremos que as cesións de dereitos de autoría *inter vivos* deben ter forma escrita, do contrario, salvo que exista un contrato de arrendamento de servizos, por exemplo no caso do encargo dunha obra futura – suposto que a lei exclúe do contrato de edición –, ou ben unha relación laboral entre a autora ou autor e a editora, ditos dereitos non sairán nunca da esfera patrimonial das titulares orixinarias, é dicir, das escritoras e escritores. Por tanto, para a que a edición e publicación dunha obra literaria se acomode á corrección legal debe asinarse en todo caso un contrato de edición.

Pero non só o contrato de edición, regulado nos artigos 58 e seguintes da LPI, ten que ter un contido mínimo que se non se respecta produce directamente ou ben a nulidade radical da relación contractual ou a súa anulabilidade no caso de que requerida a parte que incumpre a súa inclusión, non teña a ben solventar o defecto. Así, será ineludible a inclusión do carácter exclusivo ou non exclusivo da cesión dos dereitos, o ámbito territorial de dita cesión, o número máximo e mínimo de exemplares que alcanzará a edición ou as que se conveñan, a forma de distribución dos exemplares e os que se reservarán á autora ou autor, á crítica e á promoción da obra, a remuneración da autora ou autoría establecida de acordo co contido do artigo 46 LPI – que deberá diferenciar os casos nos que proceda un tanto alzado ou unha porcentaxe de participación, sendo esta última a norma xeral, e lembrando que non é o mesmo a modalidade de pago ao tanto alzado que o anticipo a conta da porcentaxe de participación pactada –, o prazo de posta en circulación dos exemplares da única ou primeira edición, que non poderá exceder de dous anos contados desde a data na que a autora ou autor entregan o orixinal á editora en condicións para a súa reprodución e o prazo no que a autora ou autor deberá entregar o orixinal á editora.

O anterior polo que respecta á edición en xeral, pero para a edición en formato libro, o contrato deberá incluír ademais: a lingua ou linguas nas que se publicará a obra, o anticipo a conceder á autora ou autor a conta dos seus dereitos e a modalidade ou modalidades de edición, e, no seu caso, a colección da que formarán parte. En caso de non incluír estes termos ou incluílos de forma xenérica ou indeterminada, a editora só terá, por exemplo no caso de non especificar as linguas nas que se publicará o futuro libro, o dereito de publicar a obra no idioma orixinal da mesma, amén doutros efectos

restritivos xa sexa de fondo ou relativos ao tempo de duración de dita cesión.

Nos contratos de edición obxecto de consulta puidemos observar un notable e preocupante desenganche coa normativa legal vixente xa non só respecto do contido mínimo ou dos efectos da ausencia de determinados termos como os citados anteriormente, senón na interpretación de cláusulas xerais como as relativas ás causas de resolución ou incumprimento das obrigas contractuais. Así, por exemplo, atopamos contratos xa resoltos, que se pretenden vixentes incluso cando os mesmos previñeran a súa renovación automática en contra da limitación temporal contida na LPI, contratos pouco claros respecto do destino de exemplares sobrantes non vendidos ou en *stock*, falta de presentación das obrigatorias liquidacións anuais por parte da editora, suposto que lle dá á autora ou autor a facultade legal de resolver o contrato de edición unilateralmente, ou o incumprimento dos prazos legais para a publicación da obra, ou a explotación dos dereitos cedidos. En todos estes casos as consultas inclúen na súa resposta a recomendación de trasladar ás editoras un requerimento formal instando ao cumprimento dos termos legais en materia de contrato de edición e propiedade intelectual, reservando a favor das autoras e autores o dereito ao exercicio de cantas accións legais ou xudiciais lles poidan corresponder.

Cabe facer mención á parte a aqueles contratos de edición que lonxe dunha oferta editorial na que a empresa ou editora asume os riscos da edición en tanto que é súa actividade empresarial, o que se ofrece ás escritoras e escritores é unha proposta de coedición, aínda que non sempre se explicita de forma clara. A coedición é sen dúbida unha alternativa lexítima, legal e moi habitual, agora ben, a súa formalización debe recoller a participación das autoras e autores nos custos da edición así como nos beneficios obtidos pola explotación, en función do porcentaxe da súa aportación aos custos de produción. A este respecto puidemos comprobar que baixo supostas propostas de coedición agóchanse algunhas prácticas contrarias á boa fe empresarial como o é o feito de vincular a participación nos custos de produción á obriga da autora ou autoría de mercar unha determinada cantidade de exemplares garantindo así o resultado positivo, ou cando menos eludindo os riscos derivados do investimento feita pola editora. Sobre todo cando a aportación da autora ou o autoría aos custos da edición lle dá dereito a participar, na mesma porcentaxe, nos rendementos que se produzan con independencia da liquidación de dereitos de autoría que en concepto de remuneración pola cesión dos seus dereitos á editora ou coeditoras lle corresponda.

Outra das cuestións relacionadas co contrato de edición é a identificación do que é ou non é un contrato de edición. Por exemplo, o contrato de arrendamento de servizos dunha autora ou autoría para a redacción dunha obra, o que se coñece como encargo de obra futura. Este tipo de relación contractual está excluída explicitamente pola LPI, art. 59.1, do contrato de edición. É, polo tanto, unha relación contractual diferente. Neste caso, ao ser a editora quen encarga a redacción dun tipo de obra concreta que aínda non existe, o que lle atribúe, digamos, a iniciativa en termos creativos, os dereitos da autora ou autor contratado presúmense por lei cedidos á editora, aínda que non se explicita a súa cesión, xa que resultan necesarios para a realización do obxecto do contrato ou da actividade fundacional da persoa física ou xurídica que fai o encargo. Aínda así, a lei establece que a contraprestación recibida pola autora ou autor ao que se lle realiza o

encargo entenderase feita en concepto de anticipo de dereitos de autoría, segundo se establece no artigo 59.2 LPI.

Premios literarios

As consultas relativas a esta materia fundaméntanse na falta de claridade, o normal descoñecemento sobre a natureza xurídica das bases reguladoras dos premios ou certames literarios e, de novo, na falta de formalidade respecto dos compromisos editoriais que levan consigo cando o premio contempla a edición da obra premiada. A este respecto pódese consultar o informe, redactado por esta letrada “*Informe sobre boas prácticas nos premios literarios*”², parte tamén do Libro Branco das Escritoras-es en Lingua Galega, editado pola AELG.

Cabe lembrar que os premios concedidos por administracións públicas, como son por exemplo os concellos, en tanto que administración local, as deputacións ou entidades dependentes, como pudiese ser por exemplo unha fundación pública con capital fundacional maioritariamente achegado pola administración pública ou unha axencia, ou mesmo unha sociedade mercantil pública coa mesma financiación maioritaria, teñen a natureza de subvención e réxense pola súa normativa específica, o que significa que nin a administración convocante, nin as editoras colaboradoras, nin as autoras e autores premiados poden dispor libremente dos efectos do cumprimento ou incumprimento de ditas bases, nin, por suposto, da confección ao gusto das mesmas, dentro dos parámetros de discrecionalidade que se lle poidan permitir á administración pública na súa actividade de fomento, que é a que se corresponde coa concesión de subvencións. Pola contra, os premios literarios convocados por entidades privadas, xa sexa sen ánimo de lucro ou de natureza mercantil, réxense pola liberdade de pactos e o dereito privado, se ben no que respecta aos pactos sobre dereitos de propiedade intelectual deben respectar en todo caso o disposto pola LPI, cousa que non sempre ocorre; pensemos por exemplo na sistemática ausencia de contratos de edición asinados entre a editora colaboradora ou convocante do premio e as autoras e autores premiadas, se ben é certo que as bases e a aceptación das mesmas pódense interpretar como a formalización escrita necesaria para levar a cabo a edición da obra premiada, non o é menos que rara vez estas bases cumpren co contido mínimo que a lei esixe para o contrato de edición, o que nos leva á mesma situación de inseguridade xurídica e indefensión tanto para a autora ou autor en tanto titulares dos dereitos de explotación como das editoras en tanto que necesarias cesionarias de ditos dereitos de explotación para a realización do seu obxecto fundacional, estatutario ou social.

Así por exemplo, nas consultas recibidas podemos ver como dicíamos que a administración convocante, ou no seu caso a entidade privada, fai reservas xenéricas de dereitos, por tempo ilimitado ou polo tempo máximo de vida dos dereitos de autoría establecido pola lei, ou mesmo cesións de obras futuras, o que a lei considera de todo

² <https://www.aelg.gal/resources/upload/2021/Libro%20Branco%202021/2021%20Informe%20sobre%20Boas%20pr%C3%A1cticas%20en%20convocatorias%20de%20premios%20literarios.pdf>

excluído da legalidade, e polo tanto un pacto nulo, confundindo as bases que rixen o funcionamento da concesión do premio coas condicións nas que posteriormente se acordarán os termos da futura edición da obra por parte da editora colaboradora ou convocante, cando é a editora a que convoca o premio.

Outra práctica habitual e pouco desexable é a confusión ou asimilación da dotación económica do premio, cando a hai, co anticipo a conta dos dereitos de autoría que a escritora ou escritor premiada vai percibir pola súa participación nos beneficios obtidos na explotación mercantil da súa obra, sen especificar dita porcentaxe nin moito menos contemplar as condicións de dita cesión. Ás veces, cando existe unha administración convocante e unha editora colaboradora, a reserva de dereitos a favor da primeira nas bases parece fundamentar a resposta ao feito de que non sexa necesaria a posterior intervención da autora ou autor premiada na firma de contrato de edición. No ben entendido de que, dito sen entrar en demasiadas profundidades técnicas, podemos dicir que o feito de que un premio literario teña a condición de subvención impide que a administración convocante obteña contraprestación algunha polo feito da súa concesión, o que excluíría o feito de que os dereitos de autoría de terceiros, neste caso das autoras e autores premiados, en tanto que bens patrimoniais de tipo inmaterial, ou incluso as obras mesmas no seu correspondente soporte, xa sexa físico ou dixital, en tanto que bens patrimoniais de tipo material, poidan pasar a formar parte do seu inventario patrimonial. Cousa distinta sería a simple autorización por parte da autora ou autor solicitante do premio para a reprodución ou comunicación pública da súa obra ou dun fragmento da mesma aos simples efectos de arquivo ou divulgativos da actividade pública de fomento. A diferenza entre premio e anticipo a conta de dereitos de autoría ten a súa transcendencia de novo en materia de fiscalidade. O premio, sexa subvención ou non, implica unhas obrigas fiscais diferentes ás impostas pola obtención de rendementos do traballo e leva consigo bonificacións especiais en tanto que ganancia obtida de forma irregular no tempo, cousa que non ocorre de forma directa cos anticipos.

En relación co anterior, tamén debemos subliñar o feito de que se quen convoca o premio é unha administración pública e a dotación económica do mesmo, en tanto que subvención, se inviste en cubrir os custos do pago por parte da futura editora colaboradora, cando o premio prevé a publicación da obra gañadora, en realidade a beneficiaria de dita subvención non é a escritora ou escritor premiada, senón a editora, que ve cubertos os gastos ou riscos de investimento necesarios para a explotación da obra premiada. Sendo máis correcto que a escritora ou escritor reciba da administración o seu premio e que en virtude do mesmo teña garantida a publicación da súa obra por parte dunha editora, que terá que remunerar a cesión efectiva dos seus dereitos de autoría, sen prexuízo de que dita editora poida obter da administración cantas axudas directas ou por concorrencia competitiva lle poidan corresponder, sen que en ningún caso exclúan á autora ou autor das súas oportunidades de recoñecemento material e remuneración autoral.

Outras cuestións

Por último, outras cuestións presentadas no servizo de consulta atenden a temas como a acreditación da autoría e necesidade de depósito legal nos libros en formato dixital, que legalmente están asimilados aos libros en formato papel, polo que rexen as mesmas obrigas para ambos, non sendo obrigatorio o depósito legal dos mesmos, pero si recomendable aos efectos de arquivo, divulgación e catalogación que as escritoras e escritores xa coñecen. Ou a organización por parte dunha autora ou autoría de roteiros literarios e a súa posible asimilación a unha actividade económica de tipo turístico, tendo como sempre en conta os criterios legais para considerar unha actividade con ou sen ánimo de lucro como actividade económica, é dicir, como a produción e entrega de bens ou servizos por parte de quen asume o risco e a iniciativa da organización de recursos humanos e materiais co obxectivo de obter bens, produtos ou servizos para a súa explotación mercantil, ben sexa con ou sen ánimo de lucro, como dicíamos.

Conclusiones

Resulta indispensable ter en conta como parte da actividade profesional de escritora e escritor, a transcendencia do significado xurídico, administrativo e tributario de determinados conceptos como dereitos de autoría, traballo, actividade económica, habitualidade, premio, subvención, etc. xa que son fonte de inseguridades e erros de interpretación respecto dos dereitos e obrigas formais que corresponden ás autoras e autores no desenvolvemento da creación literaria, a declaración ou liquidación dos seus ingresos e rendementos e en definitiva a defensa dos seus intereses.

Cómpre, tal e como queda acreditado, mediar na relación profesional entre escritoras e escritores e as súas editoras, papel que soen realizar as axentes literarias, pero que tamén encaixa dentro da defensa dos intereses colectivos da profesión, co obxecto de que ambas as dúas partes vexan efectivamente protexidas tanto as súas obras literarias en tanto que activos patrimoniais de especial e singular valor como os seus investimentos e actividades comerciais, no caso das editoras. A falta ou ausencia de formalidade na relación editorial prexudica especialmente as editoras, xa que a interpretación legal garante o carácter restritivo, cando non nulo, das cesións de dereitos feitas en fraude de lei.

Recomendamos ás socias e socios acudir a este ou outros servizos de consulta xurídica especializados que sexan da súa confianza antes de proceder a asinar calquera tipo de contrato de cesión de dereitos, dada a súa complexa natureza xurídica, a longa duración dos mesmos e a transcendencia xa non só económica, senón en canto á propia reputación da autora ou autor, que supón este tipo de negocio xurídico.

Polo que respecta aos premios literarios recomendamos, como de feito xa se vén facendo, dar conta das malas prácticas contrarias aos intereses das artistas que á fin son as últimas e lexítimas beneficiarias deste tipo de recoñecemento honorífico que debe acompañar, en cumprimento do principio de indivisibilidade dos dereitos humanos

universais, e tal é o dereito de acceso á cultura na súa triple vertente prestacional, de liberdade de creación e produción e de efectiva participación, a necesaria dotación de recursos materiais para a súa plena efectividade.

Ania González Castiñeira

En Vigo, decembro de 2021